



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.E.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: DESIGNACIÓN DO XURADO DO PREMIO DO XXIII CONCURSO DE POESÍA CONCELLO DE CARRAL

EXPEDIENTE: 2020/G003/000313

Logo de ver que a Xunta de Goberno Local do Concello de Carral, na súa sesión ordinaria realizada o vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte, en uso da atribución delegada mediante decreto 315/2019, do 18 de xullo, acordou aprobar as bases polas que se rexerá a concesión do premio do XXIII Concurso de Poesía "Concello de Carral".

Logo de ver que a base 8ª daquelas establece que "*O xurado estará presidido polo alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue, e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso. Actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións.*".

Tendo en conta que o premio do XXII Concurso de poesía "Concello de Carral", realizado no ano 2019, recaeu sobre D. Jorge Alonso García, pola súa obra titulada "CANTAR DE CORTEGADA" e que, segundo o estipulado nas devanditas bases que rexen o concurso de poesía, o autor gañador da edición anterior formará parte do xurado da edición actual

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local ,

RESOLVO

1.-Designar ás seguintes persoas que haberán de integrar o xurado do premio do XXIII Concurso de Poesía "Concello de Carral":

Presidenta: D. Francisco Bello Hermida concelleiro de Cultura , por delegación puntual desta Alcaldía.


Vogais: D. Jorge Alonso García (Poeta gañador do XXII Concurso de poesía "Concello de Carral")

D. José María Paz Gago (Poeta e profesor universitario)
Dª Miriam Ferradáns Ferradás (Poeta)

Secretario: D. Carlos Lorenzo Pérez (técnico municipal de Cultura).

2.- Publicar este decreto polos mesmos medios que as bases e a convocatoria do concurso.

3.- Dar conta deste decreto ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se realice.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval